

# SERVIZO DE PSIQUIATRÍA DO CHUP

## I. PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra e O Salnés está formado por un equipo multidisciplinar, integrado por profesionais da psiquiatría, da psicoloxía, da enfermaría, da terapia ocupacional, do traballo social, por auxiliares de psiquiatría e de enfermaría, por celadores e por unha secretaría, que suman os seus esforzos para a atención ao paciente con enfermidade mental e aos usuarios en situación circunstancial de necesidade de apoio terapéutico.

No ámbito hospitalario, presta unha asistencia diaria a outras especialidades médicas, non só aos pacientes, senón tamén a familiares e acompañantes, a través dos programas de interconsulta e enlace, cunha crecente oferta e demanda. No ámbito ambulatorio, a conexión e a actividade co nivel primario tampouco deixa de medrar, en especial na área infanto-xuvenil e na atención á psioxeriatría, onde complementa a súa atención coa asistencia *in situ*, nos propios centros residenciais. A atención e o apoio a usuarios e familiares lévase a cabo mediante a intervención nun dispositivo intermedio, coa atención continuada no hospital de día do servizo.

Pero a actuación do servizo esténdese fóra do complexo hospitalario, trata de ofrecérselle ao usuario alí onde se encontre e deba prestárselle atención. Ademais da xa citada actividade externa da Unidade de Psioxeriatría, esta área de actividade corre principalmente a cargo da Unidade de Coidados Continuados, que acode aos propios domicilios dos usuarios atendidos e realiza apoio específico a asociacións de familias e usuarios que manteñen abertos centros residenciais e mais ao sistema de pisos protexidos para a atención a pacientes con afectación da saúde mental.

## II. EQUIPO ASISTENCIAL e estrutura do servizo (actualización en xaneiro de 2024)

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| <b>UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN (Hospital Provincial de Pontevedra)</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                 |
| Localización: Hospital Provincial de Pontevedra. 18 camas (4 habitacións individuais e 7 dobres; 2 individuais e 5 dobres sen aseo). 2 zonas de aseos compartidos. 2 áreas de enfermaría e 1 sala de estar de enfermaría. 1 almacén. 3 salas específicas: comedor, terapia ocupacional e estar de usuarios ingresados; 1 sala de visitas familiares. Na área administrativa, 7 despachos. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                 |
| Vicente Álvarez Pérez                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | Psiquiatra                      |
| Alfonso Casas Losada                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Psiquiatra. Xefe de servizo     |
| Elisa Mariño Iglesias                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | Psiquiatra                      |
| Nora Fernández Seco                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | Psiquiatra                      |
| Montserrat Cortizo Gosende                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Secretaria                      |
| Ramona Rodríguez Millara                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Traballadora social             |
| María Prado Lago                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Terapeuta ocupacional           |
| Alexandra Arias Villanueva                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Supervisora de enfermaría       |
| María Dolores Baqueiro Balladares (enfermeira especialista en saúde mental)<br>Xulia Vázquez Valdés (enfermeira especialista en saúde mental)<br>M.ª Soledad Gómez Pereiras (enfermeira)<br>Rocío Barreiro Romano (enfermeira especialista en saúde mental)<br>Cristina Márquez (enfermeira)<br>Andrea Arca (enfermeira especialista en saúde mental)                                                                                                         |                                 |
| <b>Unidade de Interconsulta e enlace Hospital Provincial-Hospital Montecelo (Hospital Provincial de Pontevedra)</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                 |
| Localización: área administrativa do Servizo de Psiquiatría. Hospital Provincial de Pontevedra. 2 despachos. Ámbito de atención: Hospital Provincial, Hospital Montecelo.                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                 |
| José María Blanco Lobeiras                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Psiquiatra. Xefe de sección     |
| Beatriz Fernández Malvido                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | Psicoloxía clínica. Facultativa |
| <b>Unidade de Interconsulta e enlace Hospital Público do Salnés (Hospital Público do Salnés))</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                 |
| Localización: área administrativa do Servizo de Psiquiatría. Hospital Provincial de Pontevedra. 1 despacho. Ámbito de atención: Hospital Público do Salnés.                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                 |
| Francisco Javier Vicente Alba                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Psiquiatra                      |

|                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>HOSPITAL DE DÍA (Hospital Provincial de Pontevedra)</b>                                                                                                                                                                                                              |                                         |
| 25 prazas. Localización: Hospital Provincial de Pontevedra. 2 despachos. 3 salas definidas (comedor, terapia ocupacional, estar enfermos). Área de enfermaría e despacho de coidados de enfermaría. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                         |
| Tania Blanco Pena                                                                                                                                                                                                                                                       | Psiquiatra                              |
| Laura Montero Castro                                                                                                                                                                                                                                                    | Psicoloxía clínica. Facultativa         |
| Vacante                                                                                                                                                                                                                                                                 | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Rafael Rodríguez Varela                                                                                                                                                                                                                                                 | Traballador social                      |
| Nuria Romero Rodríguez                                                                                                                                                                                                                                                  | Terapeuta ocupacional                   |

|                                                                                                                                                                                |                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| <b>Unidade de Continuidade de Coidados. Área de Pontevedra (Hospital Provincial de Pontevedra)</b>                                                                             |                                                |
| Localización: espazo físico do hospital de día do Servizo de Psiquiatría. Hospital Provincial. 1 despacho. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                                |
| Tania Blanco Pena                                                                                                                                                              | Psiquiatra                                     |
| José Luis Buceta Hazas                                                                                                                                                         | Enfermeiro especialista en saúde mental        |
| Elisa Sabucedo Rodríguez                                                                                                                                                       | Traballadora social                            |
| Begoña Filgueira Capelo                                                                                                                                                        | Técnica especialista en coidados de enfermaría |

|                                                                                                                                                                        |                                         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>Unidade de Continuidade de Coidados. Área do Salnés (Hospital Público do Salnés)</b>                                                                                |                                         |
| Localización: espazo físico do hospital de día do Servizo de Psiquiatría. Hospital Público do Salnés. 1 despacho. Ámbito de atención: toda a área sanitaria do Salnés. |                                         |
| Francisco Javier Vicente Alba                                                                                                                                          | Psiquiatra                              |
| Patricia González Chaves                                                                                                                                               | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Francisca Codesido Fuciños                                                                                                                                             | Traballadora social                     |

|                                                                                                                                                                       |                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>Unidade de Saúde Mental (USM) de Mollavao (Centro de Especialidades de Mollavao)</b>                                                                               |                                         |
| Localización: Centro de Especialidades de Mollavao. Pontevedra. 8 despachos. Ámbito de atención: municipios de Bueu, Caldas de Reis, Soutomaior, Vilaboa, Pontevedra. |                                         |
| María José Abella Arosa                                                                                                                                               | Psiquiatra                              |
| Patricia López Landeiro                                                                                                                                               | Psiquiatra                              |
| Carmen Fernández González                                                                                                                                             | Psiquiatra                              |
| Paloma Sanchidrián Peregil                                                                                                                                            | Psicoloxía clínica. Facultativa         |
| María José García Soto                                                                                                                                                | Psicoloxía clínica. Facultativa         |
| Rosario Portela Fandiño                                                                                                                                               | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Ramón Caneda Conde                                                                                                                                                    | Secretario                              |
| M.ª Dolores Rodríguez Pomares                                                                                                                                         | Traballadora social                     |

|                                                                                                                                                                        |                                         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>Unidade de Psicoxeriatría &amp; equipo sociosanitario (Centro de Especialidades de Mollavao)</b>                                                                    |                                         |
| Localización: Centro de Especialidades de Mollavao. Pontevedra. Espazo físico da USM: 2 despachos. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                         |
| Javier Rodríguez Navarrete                                                                                                                                             | Psiquiatra                              |
| Raquel Grande González                                                                                                                                                 | Psiquiatra                              |
| Laura Pérez Méndez                                                                                                                                                     | Psicoloxía clínica. Facultativa         |
| Verónica Ferro Búa                                                                                                                                                     | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Ramón Caneda Conde                                                                                                                                                     | Secretario                              |

|                                                                                                                                                                           |                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>Unidade de Conduta Suicida (Centro de Especialidades de Mollavao)</b>                                                                                                  |                                         |
| Localización: Centro de Especialidades de Mollavao. Pontevedra. Espazo físico de la USM: 3 despachos. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                         |
| Aurora Alonso Gómez                                                                                                                                                       | Psiquiatra                              |
| Laura Sotelo Estévez                                                                                                                                                      | Psicoloxía clínica. Facultativa         |
| Rosario Portela Fandiño                                                                                                                                                   | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Paula Lorenzo García                                                                                                                                                      | Secretaria                              |
| M.ª Dolores Rodríguez Barros                                                                                                                                              | Traballadora social                     |

|                                                                                                                                     |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| <b>Centro de Orientación Familiar (Centro de Especialidades de Mollavao)</b>                                                        |  |
| Localización: Centro de Especialidades de Mollavao. Pontevedra. Ámbito de atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |  |

| Centro de Orientación Familiar (Centro de Especialidades de Mollavao) |                                 |
|-----------------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| Jacinto José Casas Araújo                                             | Psicología clínica. Facultativo |
| María Almuíña Martínez                                                | Secretaria                      |

| Unidade de Saúde Mental de Lérez (Centro de Saúde de Lérez)                                                                                                                                                                           |                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| Localización: Centro de Saúde de Lérez. Pontevedra. 8 despachos. Atención aos municipios de Barro, Campo Lameiro; Cerdedo, Forcarei, O Grove, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Portas, Sanxenxo, Pontevedra. |                                         |
| Raquel Fraga Martínez                                                                                                                                                                                                                 | Facultativa                             |
| María Ruiz Gippini                                                                                                                                                                                                                    | Facultativa                             |
| David Fachal Vázquez                                                                                                                                                                                                                  | Facultativo                             |
| Ana Novoa Rodríguez                                                                                                                                                                                                                   | Psicología clínica. Facultativa         |
| Mercedes Fernández Hermida                                                                                                                                                                                                            | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Nuria Feijoo Alonso                                                                                                                                                                                                                   | Secretaria                              |
| M.ª Dolores Rodríguez Pomares                                                                                                                                                                                                         | Traballadora social                     |

| Unidade de Saúde Mental de Vilagarcía                                                                                                                                                               |                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| Localización: Edificio propio. Avda. Juan Carlos I, 38. Vilagarcía de Arousa. 5 despachos. Atención aos municipios da Illa de Arousa, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Catoira. |                                         |
| Carmen Sánchez Rivas                                                                                                                                                                                | Psiquiatra                              |
| Carmen García Echave                                                                                                                                                                                | Psiquiatra                              |
| Vacante                                                                                                                                                                                             | Psiquiatra                              |
| Vacante                                                                                                                                                                                             | Psicología clínica. Facultativo         |
| Ana Amado Mera                                                                                                                                                                                      | Psicología clínica. Facultativo         |
| Begoña Filgueira Rosal                                                                                                                                                                              | Enfermeira especialista en saúde mental |
| Verónica López Loira                                                                                                                                                                                | Enfermeira                              |
| Sira María Noya Barreiro                                                                                                                                                                            | Secretaria                              |
| Francisca Codesido Fuciños                                                                                                                                                                          | Traballadora social                     |

| Unidade Infanto-Xuvenil (Centro de Saúde da Parda)                                                                         |                                 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| Localización: Centro de Saúde da Parda. Pontevedra. 5 despachos. Atención: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. |                                 |
| José María García Ríos                                                                                                     | Psiquiatra                      |
| Aurora Cortiñas Otero                                                                                                      | Psiquiatra                      |
| Paula López de Castro Barrios                                                                                              | Psiquiatra                      |
| Carmen Vidal Mariño                                                                                                        | Psicología clínica. Facultativa |
| Rosa María Lede Rodríguez                                                                                                  | Psicología clínica. Facultativa |
| Miriam Pérez González                                                                                                      | Secretaria                      |
| Beatriz-Aranzazu Soto Caba                                                                                                 | Traballadora social             |

### III. LOCALIZACIÓN Y CONTACTO

|                                                                                                                                   |                                                                                 |                                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|
| # Unidade de Hospitalización Psiquiátrica (UHP)<br># Unidade de Interconsulta e enlace Hospital Provincial-<br>Hospital Montecelo | # 986 80 73 09<br>986 80 00 00, extensión 463<br>986 80 00 00, extensión 309    | Hospital Provincial de Pontevedra                                                 |
| # Hospital de día de adultos (HD)<br># Unidad de Coidados Continuados (UCC). Área de<br>Pontevedra                                | # 986 80 84 66, extensión<br>287 466<br># 986 80 00 00, extensión<br>287 242    | Hospital Provincial de Pontevedra                                                 |
| # Unidade de Saúde Mental de Mollavao<br># Unidade de Psicoxeriatría<br># Centro de Orientación Familiar (COF)                    | # 986 80 02 19, USM<br># 986 80 02 19,<br>Psicoxeriatría<br># 986 80 02 31, COF | Centro de Especialidades de<br>Mollavao<br>Pontevedra                             |
| Unidade de Conducta Suicida                                                                                                       | # 986 800 283                                                                   | Centro de Especialidades de<br>Mollavao<br>Pontevedra                             |
| Unidade de Saúde Mental de Lérez                                                                                                  | # 986 87 08 00                                                                  | Centro de Saúde de Lérez<br>Pontevedra                                            |
| # Unidade de Salud Mental do Salnés<br># Interconsulta Hospital Público do Salnés                                                 | # 986 565 063                                                                   | # Avda. Juan Carlos I, 38 Vilagarcía de<br>Arousa<br># Hospital Público do Salnés |

## IV. CARTEIRA DE SERVIZOS

O Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra e O Salnés presta todos os servizos asistenciais necesarios para o diagnóstico, tratamento e coidados en psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermaría de saúde mental, segundo os criterios diagnósticos da Organización Mundial da Saúde.

### Carteira de servizos

- Unidade de Hospitalización. Atención hospitalaria >16 anos. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico, así como actividade de terapia ocupacional e coidados de enfermaría, de pacientes que requiren ingreso hospitalario breve na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico, así como coidados de enfermaría de pacientes menores de 16 anos que requiren ingreso hospitalario breve, que poidan estar ingresados no Servizo de Pediatría, a cargo do equipo mixto de facultativos da USM Infanto-Xuvenil e adscritos á Unidade de Hospitalización. Ámbito: Hospital Provincial.
- Hospital de día. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico, así como actividade ocupacional, de rehabilitación e inserción psicosocial e coidados de enfermaría para pacientes maiores de 16 anos que requiren ingreso hospitalario parcial en réxime de hospital de día. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Atención á urxencia en saúde mental. Adultos e infanto-xuvenil. Continuada 24 horas. Psiquiatra de garda presencial. Hospital Provincial de Pontevedra. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Interconsulta e enlace. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico de pacientes ingresados noutros servizos ou unidades hospitalarias por medio do programa de interconsulta e enlace, estendido aos tres hospitais da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés: Hospital Montecelo, Hospital Provincial e Hospital Público do Salnés.
- Saúde mental ambulatoria para maiores de 16 anos. Atención integral. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico, así como coidados de enfermaría para pacientes adultos nas unidades de saúde mental asentadas en áreas de distribución territorial.
- Saúde mental infanto-xuvenil. Atención integral ambulatoria. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico e psicolóxico para a atención a menores de 16 anos e as súas familias. Avaliación neuropsicolóxica específica infanto-xuvenil. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Saúde mental infanto-xuvenil. Apoio á Unidade de Hospitalización e enlace de psiquiatría e o Servizo de Pediatría, no caso de menores hospitalizados. Ámbito: Hospital Provincial.
- Psicoxeriatría. Atención integral, psiquiatría e psicoloxía clínica a usuarios maiores de 65 anos derivados desde as USM de adultos e do Servizo de Neuroloxía, pola súa especial complexidade clínica. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Psicoxeriatría. Programa de atención a centros residenciais. Atención in situ aos problemas de saúde mental das persoas residentes en residencias da terceira idade. Actualmente existen tres centros: Residencia de Vilaboa; Residencia Valle Inclán, en Vilanova de Arousa; Residencia Divina Pastora, en Vilagarcía de Arousa.
- Conduta suicida. Unidade de Conduta Suicida. Atención á conduta suicida non urxente.
- Atención domiciliaria/continuidade de coidados. Diagnóstico e tratamento médico psiquiátrico, así como os coidados de enfermaría no domicilio de pacientes con diagnóstico de trastorno mental grave e derivados desde outros dispositivos de saúde mental. Prestada pola Unidade de Coidados Continuados. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Diagnóstico e tratamento psicolóxico en situación psicosocial, de parella ou familiar problemática en persoas que presentan trastorno mental a seguimento en dispositivos de saúde mental. Problemas sexuais/parafilias. Proceso de identificación de xénero e/ou problemas asociados a el. Maltrato/abuso/violencia de xénero (física, sexual e psíquica). Outros (información/asesoramento sobre a planificación da familia. IVE). Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Traballo social. Atención, valoración e diagnóstico social en cada un dos dispositivos asistenciais. Apoio á dependencia.

### Programas

- Programa de tratamento con terapia electroconvulsiva.
- Programa de tratamento con esketamina
- Programa de prevención de recaídas/xestión de neurolépticos de acción prolongada, trastorno mental grave. Unidades de Saúde Mental. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Programa de avaliación neuropsicolóxica. Equipo de Neuropsicoloxía. Hospital Provincial. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Programa de atención aos primeiros episodios psicóticos. Atención grupal e individual. Hospital de día. Ámbito: toda a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

## V. ACTIVIDADE DOCENTE

O Servizo de Psiquiatría organiza a actividade formativa a través do seu Comité de Docencia, formado polos titores/as de residentes MIR (médico/a interno/a residente), PIR (psicólogo/a interno/a residente) e EIR (enfermeiro/a interno/a residente), e un representante de cada área de especialidade.

### V.1. Docencia pre e posgrao

O Servizo de Psiquiatría nos últimos anos dispón de acreditación para a docencia MIR de Psiquiatría, cunha capacidade de un/unha residente por ano, de inicio no ano 2008, e a docencia PIR. No ano académico 2019-2020 engadiuse a formación de Enfermaría Especialista en Saúde Mental, cun/unha residente por ano. Está integrado nas rotacións dos plans de docencia doutras especialidades acreditadas no complexo hospitalario da área sanitaria: Medicina de Familia, Pediatría, Medicina Interna, Neuroloxía, Xeriatria e Oncoloxía. O Servizo de Psiquiatría tamén colabora na formación de alumnos/as de pregrao de Medicina (rotación de último curso), Psicoloxía (*Practicum*), Enfermaría, Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e Traballo Social. A actividade docente de pregrao está suxeita á do propio complexo hospitalario en canto a alumnos/as de Medicina, así como á participación e colaboración no *Practicum* de Psicoloxía da UNED e da Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela. Complementábase coa participación como titores/as no desenvolvemento de traballos de fin de grao (TFG) ou máster (TFM) de alumnos/as en rotación polo servizo. No curso 2018-2019 isto concretouse na titoría do TFG “*Compras compulsivas. Estudio comparativo entre 2 poblaciones de jóvenes en período de formación médica*”, do Departamento de Psiquiatría da Universidade de Santiago de Compostela, e o TFM “*Eficacia de la terapia de compasión basada en los estilos de apego para el tratamiento del dolor en pacientes con diagnóstico de fibromialgia*”, Máster Mindfulness, da Universidade de Zaragoza.

### V.2. Actividade formativa reglada

O Servizo de Psiquiatría desenvólvese segundo o seguinte formato:

- **Sesión clínica xeral.** Con periodicidade quincenal. A cargo do persoal facultativo do servizo. Cun calendario de rotación que abrangue todas as unidades e dispositivos no ano académico. Séguese o seguinte calendario de formación:
  - Sesións clínicas multidisciplinares de saúde mental. Unha cada tres meses.
  - Sesión clínica de orientación profesional especializada (psiquiatría, psicoloxía e enfermaría). Unha cada dous meses.
  - Sesión de caso clínico. Unha mensual.
- **Sesión clínica hospitalaria.** De periodicidade quincenal (alterna coa xeral). Contidos:
  - Sesión bibliográfica. Unha cada quince días.
  - Sesión libre. Unha cada quince días.
- **Seminarios.** Ao longo do ano académico desenvólvense seminarios específicos segundo un calendario de contidos acordado pola Comisión de Docencia do servizo. Periodicidade: quincenal. Temario: segundo un programa pechado.